

CONVENIO ENTRE O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS E A UNIVERSIDADE DE VIGO POLO QUE SE INSTRUMENTA A SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A REALIZACIÓN DA I EDICIÓN DO “CURSO DE PLANS DE IGUALDADE”.

.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Que o Consello Galego de Relacións Laborais acordou en xuntanza da Comisión Permanente do 23 de febreiro de 2026, a realización da I edición do Curso de Plans de Igualdade, co obxecto de afondar en cuestións xerais, así como na elaboración, contido, implantación e seguimento dos Plans, por tratarse dunha ferramenta fundamental na negociación laboral que ten como obxectivo garantir a igualdade de trato e oportunidades das mulleres e homes na empresa e a eliminación de situacións discriminatorias por razón de sexo.

A finalidade deste convenio é establecer as condicións polas que se instrumenta a concesión da subvención nominativa á Universidade de Vigo para a realización da I edición do Curso de Plans de Igualdade (Diploma de curso de formación universitaria), conforme ao Regulamento dos Programas de Formación Permanente da Universidade de Vigo, aprobado polo Claustro de dita Universidade, o 28 de xuño de 2021, e que se desenvolverá desde o 15 de setembro ata o 26 de novembro do ano 2026.

Entre os obxectivos dos Plans de igualdade están garantir a igualdade de trato entre mulleres e homes na empresa, favorecer a incorporación das mulleres á empresa ou usar formas de comunicación internas e externas que non empreguen unha linguaxe sexista ou baseada en estereotipos.

Mediante a celebración deste curso en colaboración coa Universidade de Vigo, ofértase a formación sobre esta ferramenta esencial, os Plans de Igualdade; foméntase unha cultura organizativa innovadora na empresa; auméntase a confianza e a seguridade das persoas traballadoras; establécense medidas para erradicar a discriminación por razón de xénero ou prevír o acoso sexual, mellorando a imaxe da empresa e obtendo vantaxes competitivas.

Nas empresas deben establecerse medidas encamiñadas a promover e garantir a igualdade de trato e oportunidades de mulleres e homes no que respecta aos procesos de selección, as retribucións, a formación, o desenvolvemento da carreira profesional, a promoción e as condicións de traballo, de xeito que toda a plantilla goce dun trato igualitario e das mesmas oportunidades, evitando discriminacións por razón de sexo.

Dende o Consello Galego de Relacións Laborais e a Área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Vigo, vense observando a necesidade de dar resposta a unha demanda dos interlocutores sociais e especialistas de Relacións Laborais e Recursos Humanos en todo o relacionado cos Plans de igualdade, ofrecendo mediante a celebración deste curso, a necesaria formación sobre esta ferramenta esencial e poñendo de manifesto os beneficios e a utilidade de afondar no seu estudo, desenvolvemento e aplicación.

Este curso vai dirixido ás persoas responsables da negociación laboral, ás que teñen responsabilidade en recursos humanos, xefaturas de relacións laborais, asesorías e demais axentes implicados na negociación e na xestión laboral da empresa, co obxectivo principal de dar resposta á demanda social que existe no territorio galego, así como a estudantes que rematen os seus estudos de Grao e desexen recibir unha formación especializada en materia de Plans de igualdade.

Mediante este convenio instrumentase a concesión á Universidade de Vigo da subvención prevista de forma nominativa na Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, nos termos recollidos neste convenio, polo que o Consello Galego de Relacións Laborais contribuirá ao financiamento deste curso de formación mediante a achega de DEZAOTO MIL EUROS (18.000,00€), con cargo ao capítulo IV do seu orzamento, aplicación 14.B1.324A.444.01, existindo crédito axeitado e suficiente segundo certificación expedida pola secretaria do organismo, que se xunta a este convenio como Anexo II.

A Universidade de Vigo percibirá, previa xustificación nos termos recollidos no presente convenio, unha achega de ata DEZASETE MIL CATROCIENTOS EUROS (17.400,00€), con cargo á citada aplicación orzamentaria 14.B1.324A.444.01. O Consello Galego de Relacións Laborais financiará con 30€ a matrícula de cada un dos 20 participantes propostos, sen que teña que ser adiantado, no momento de efectuar a matrícula, por parte dos participantes propostos por este organismo. A cantidade total de SEISCENTOS EUROS (600,00€) serán aboados á Universidade de Vigo unha vez rematado o prazo de matrícula. O dito importe será computado á marxe da subvención regulada neste convenio para o funcionamento do curso e dito importe non cobre os prezos públicos por expedición de certificacións en formato electrónico, que será abonado por cada estudante matriculado.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais

Cristina Fabeiro Varela